

FEBREIRO 2026



ESTAS SON AS CONTAS DO FONDO COMÚN DE OS COTOS NO ANO 2025

Ano 2025			
Mes	Ingresos	Gastos	
Xaneiro	946,79	-520,37	Saldo a 31-12-2024 1.189,79
Febreiro	778,13	-500,94	
Marzo	845,05	-941,35	
Abril	876,81	-1.364,47	Ingresos 2025 10.149,23
Maio	795,45	-521,84	
Xuño	775,00	-1.070,51	
Xullo	1.217,00	-621,97	Gastos 2025 -9.835,44
Agosto	775,00	-979,04	
Setembro	775,00	-646,07	
Outubro	795,00	-612,53	Total 2025 313,79
Novembro	795,00	-742,52	
Decembro	775,00	-1.313,83	

Saldo actual **1.503,58**


ANO 2024	INGRESOS 2025	GASTOS 2025	TOTAL 2025	SALDO ACTUAL 31-12-2025
1.189,79	10.149,23	-9.835,44	313,79	1.503,58

Nestas contas do 2025 destacamos os **ingresos** de 9.300 que entre todas as parroquias aportaron coa cuota mensual. Este ano houbo uns donativo de 80 euros para a festa da Pascua, e en donativos particulares sumamos 300 euros. Os donativos para a reitoral por uso para clases de apoio escolar sumaron 120 euros, e a parroquia de Moscoso fixo unha aportación extra de 300 euros aportando un total de 2.100 euros.

Algúns **gastos** importantes: luz 1.083, teléfono 747, licencia da páxina web oscotos.eu 281, aportación aos párrocos 1.200 (50 euros mensuais), folla parroquial 1.130, pan e viño para as eucaristías 526, seguro da casa 533, Festa da Pascua no pavillón 948, limpeza e mantemento da reitoral 1.843, pellets para a casa 144, fotocopias para celebracións 429, excursión de catequese a Cerceda 201, tinta para a impresora 244, montaxe e visita aos beléns 117, ...

Estas contas son presentadas na Diocese de Tui-Vigo, e poden verse máis a fondo na nosa páxina web de Os Cotos.

**Grazas por unha economía
tan compartida**



"Un contiño para vivir" **Comeza ou acaba o Nadal? jji**

A Festa do Bautismo de Xesús, o domingo seguinte á Epifanía (Reis), marca o final do Nadal para os crentes. As luces comezan a escurecerse gradualmente, os mercadiños de Nadal pechan, as decoracións e os beléns desaparecen das nosas casas, as escolas espertan e a temida costa de xaneiro xa está aquí.


É unha mágoa que limitemos o noso Nadal a un recuncho diminuto de só tres semanas ao ano. O Nadal, o verdadeiro Nadal, o que da conta verdadeiramente de quen somos, debería ser a experiencia diaria de todos eses bos sentimentos, emocións e actos de solidariedade destes días, de todo o que celebramos, de manter vivas esas emocións que sentimos.

O espírito de "Deus connosco", incorporado a todo o que facemos, será o plan máis coherente para as nosas vidas diarias a partir deste mesmo día. A medida que as luces das nosas cidades se apagan, preséntasenos unha oportunidade única: poñer en práctica o Nadal como algo que vivir todos e cada un dos nosos días.

Non agardemos un ano enteiro para celebralo reuníndonos coa familia e os amigos, non agardemos un ano para volver sentir emoción ou para expresar a nosa capacidade de amar e ser compasivos. Creemos o noso propio Nadal persoal esteamos onde esteamos.

Se podemos garantir que os valores da xenerosidade e a esperanza sobreviván ao apagado das luces de Nadal, teremos conseguido que o Nadal non remate e que a súa gran mensaxe siga sendo o titular das nosas vidas ao longo deste ano. **Bo Nadal jji**

**É hora
de
xantar
cada
un o
seu**



O SANTO PARA O MES en febreiro o día 15: XOVITA

É un nome de orixe latina que significa "que pertence a Xúpiter".

Santa Xovita, mártir nacida en Brescia, era irmá de San Faustino. Na súa compañía, despois de esconderse co bispo da cidade, comezou a pregoar o evanxeo, polo que foi decapitada no ano 121, nos tempo do emperador Hadriano.

CONSELLO



“Cando coñezo a alguén
non me importa se é branco, negro,
xudeu ou musulmán.
Abonda para min con saber
que é un ser humano”

Walt Whitman
(Poeta estadounidense)

COUSAS DA FE E DA IGREXA DE "OS COTOS"



Entroido

12-17 de febreiro



Entroido significa en latín Carnem levare “eliminar a carne”. O entroido é unha festa popular e pagá celebrada na Idade Media polos gregos e romanos, *(coñecidas como as Lupercais e as Saturnais, unha festividade romana na honra o Deus Baco)*, anterior á Coresma cristiá, caracterizada pola libertinaxe, a música, os disfraces, os bailes e os desfiles da rúa, onde a xente esquece a súa identidade cotiá para transformarse noutros personaxes, simboliza un período de indulxencia fronte á abstinencia coresmal, con raíces en antigas celebracións de fertilidade e dos ciclos naturais.

Celebrábanse entre os meses de febreiro e marzo, inician un xoves e culminan o martes seguinte, precede o mércores de cinsa (inicio da Coresma).

O martes do entroido antigamente se dedicaba ao consumo de alimentos graxos, co preludio a preparación da Pascua, mediante o xaxún de algúns alimentos como a carne.



O martes do entroido simboliza o derradeiro día da indulxencia antes da reflexión e abstinencia, recordatorio da importancia de vivir o presente e gozar da vida con alegría.



O Papa León XIV: “Ante a guerra”

O santo Pai lamentou que “a guerra volve estar de moda e o belicismo estase a estender. Rompeuse o principio establecido despois da Segunda Guerra Mundial, que prohibía aos países usar a forza para violar as fronteiras dos demais”.

LECTURAS BÍBLICAS NOS DOMINGOS DE FEBREIRO

DÍA 1	LECTURA	Sof 2, 3; 3, 12-13	Buscade ao Señor, buscade a xustiza
	EVANXEO	Mt 5, 1-12a	Benaventurados os que saben amar
DÍA 8	LECTURA	Is 58, 7-10	A túa xustiza camiñará diante de ti
	EVANXEO	Mt 5, 13- 16	Vós sodes a luz do mundo
DÍA 15	LECTURA	Sir 15, 16-21	O Señor mira a xustiza do corazón
	EVANXEO	Mt 5, 17-37	Sen xustiza non se ten parte no Reino
DÍA 22	LECTURA	Xen 2, 7-9; 3, 1-7	Home e muller camiñan lonxe de Deus
	EVANXEO	Mt 4, 1-11	Xesús non se deixa vencer nas tentacións